



ACTA Nº 2021/15

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, venres 26 de novembro de 2021 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

ASISTEN:
ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA MARÍA TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO
ANTONIO DOMINGUEZ GARCÍA
ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
MARÍA VICTORIA AREAS POSE
RAMÓN VIGO SAMBADE
PILAR IGLESIAS LEMA
MARÍA DEL CARMEN DÍAZ FREIRE
SERXIO DOMINGUEZ LOURO
CESAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ
AUSENTE:
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO (xustifica ausencia)
INTERVENTORA: ROSA M ^a FERNÁNDEZ CANOSA
SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

I. Borrador da sesión celebrada o 29 de outubro de 2021.

A Sra alcaldesa intervé e formula a seguinte alegación: na páxina 5 parágrafo 2 onde di que é competencia plenaria debe dicir que é competencia da alcaldía.

Sométese á votación o borrador e a alegación formulada e resultan aprobados por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión.

II. Borrador da sesión celebrada o 15 de novembro de 2021.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVICIOS PÚBLICOS.

2. Proposta da alcaldía, ditaminada na comisión informativa, relativa á aprobación do expediente de contratación Nº 2021/C004/000006 para a contratación, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, do servizo de recollida e transporte de Residuos Sólidos Urbanos no Concello de Cee. Regulación Harmonizada.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día luns 22 de novembro de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

2. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do expediente de contratación Nº 2021/C004/000006 para a contratación, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, do servizo de recollida e transporte de Residuos Sólidos Urbanos no Concello de Cee. Regulación Harmonizada.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN REGULACIÓN HARMONIZADA, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO CONCELLO DE CEE

EXPEDIENTE Nº 2021/C004/000006.

Visto o expediente tramitado ao efectos, e entre outra documentación: Memoria Xustificativa, Estudo Económico/viability, Retención de Crédito, Informe Xurídico e Informe de fiscalización.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: **Aprobar** o expediente Nº 2021/ C004/000006, para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, regulación harmonizada, cos Informes que no mesmo constan.

SEGUNDO: **Aprobar** os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares e anexos, que han de rexer a presente contratación e a súa licitación por procedemento aberto.

TERCEIRO: **Designar** aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

PRESIDENTA:

Alcadesa do Concello ou membro deste en que delegue.

VOGAIS:

D. Ramón Vigo Sambade (VOGAIS SUPLENTES correlativamente D. Juan Ramón Hermida Fandiño e D. César Fernando Pérez Martínez).

O Arquitecto Municipal: D. Manuel Pueyo Varela.



Asesor Técnico: D. Francisco Javier Copa Rodríguez (Xefe de sección de Xestión Ambiental IV, da Xefatura Territorial da Coruña.

A Secretaria do Concello ou habilitado que legalmente a substitúa.

A Interventora do Concello ou habilitado que legalmente a substitúa

SECRETARIO: Don Jesús Roget Salgado ou funcionario en quen delegue

CUARTO: Aprobar a apertura da licitación para adxudicación do contrato mediante a publicación do pertinente anuncio a través da Plataforma de contratación do sector público, así como a publicación do presente acordo coa composición da mesa, o acordo plenario sobre xustificación da necesidade da contratación, a memoria xustificativa e os pregos pola que ha de rexerse, quedando condicionada a execución do contrato á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente no exercicio seguinte.

QUINTO: Publicar ademais a licitación no Diario Oficial da Unión Europea, ao tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

Sómese á votación a proposta, sin designación do Comité de expertos no PCAP, que se someterá a un acordo a posteriori e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 4 votos a favor dos grupos políticos PSOE e IXCee e 4 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIÓNS-----

Intervén o Sr Domínguez García: como xa dixemos na comisión informativa vamos permitir a aprobación do prego mediante a abstención, seguimos sin estar de acordo con que se faga 5 anos, porque obriga a poñer maquinaria de segunda mán e o mellor non a poñer os contedores necesarios para facilitar a xente o reciclaxe que teña cerca os contedores de todo tipo. Dicia a Sra alcaldesa cando discutiamos o prego anterior vaille a vida neso Sr Domínguez, claro sembrando dudas e insidias que é o típico da Sra alcaldesa, foron 72.000 euros este ano e si non se remedia serán 72000 mais para o ano que ven, unha falta de previsión que non nos damos de conta ata novembro que se nos disparaba a factura de sogama e así vimos pagando a basura os concellos de Corcubión e Fisterra antes so a piscina, se tomen as medias oportunas porque no presupuesto si se fai xa supoño que non, habería que contemplar 72000 euros mais ou non?, porque para deixalo así hai que tomar medias, e despois é normal que non quede diñeiro para un saco de cemento para tapar un bache.

Sr Vigo Sambade: en principio tal e como manifestei na comisión informativa, o noso voto vai ser a favor e por suposto entendendo que se vai a modificar a proposta da comisión evaluadora tal e como se falou na comisión, nesas condicións non temos invovinte e xa é tempo que poida sair a licitación este servizo que leva tempo prorrogado.

Sr Domínguez Louro: nos como dixemos na outra ocasión que se tratou de aprobar ou se aprobaron que despois sabemos que pasou que se tiraron abaixo, volvemeos a repetir o mesmo, non estamos de acordo coa forma de explotación do servizo e mantemos que non vamos interceder no proceso porque a nosa opinión é minoritaria e seguimos mantendo a abstención e opinando exactamento o mesmo, nos últimos días presentamos un escrito o concelleiro de obras para que tivera en conta pero que non vaia influir no prego de condicións que pretende dar a saber as necesidades que consideramos que ten o concello en canto a recollida de lixo e outros enseres que non son os que se incluan no prego, falo da recollida dende pilas e baterías, teléfonos móbiles ate os plásticos agrícolas e de invernoiro que tanto contaminan si se tiran por aí ou se quieman, eso xunto con outras medidas a tomar como é

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



estudiar onde está concentrada a poboación para distribir dunha mellor maneira os contedores para ser mais facil a toda veciñanza reciclar así resumindo iba o noso escrito, cremos que non se debe demorar porque o planeta está nunha situación que o lixo siga contaminando a terra e auga e chegue as cadenas alimentarias, seguimos abstendonos para non entorpecer e nos gustaría que examinaran ese documento e o que sirva e de facil aplicación o fagan xa e o que non o vaian facendo no menor tempo posible.

Sra alcaldesa: con relación as alegacións, as manifestacións do Sr Domínguez, decirlle a primeira que en relación o tempo é o que permite legalmente para este tipo de contratos, respecto a Sogama non sei onde saca dita cantidade en canto que a diferenza con relación a outros anos é porque creo recordar en dous meses viñeron 31000 euros cando o promedio son 20000 euros, so esas dúas cuestións.

Sr Domínguez Garcia: se dou ese dato non o invento, é porque llo preguntei a interventora, as facturas viñan aumentadas cada mes o que aumentou esa partida, sempre pregunto antes, dixome a interventora que aumentara en 72.000 euros, eu non invento, digo o que se me dixo e son 72000 os que aumentou esa partida por non darse conta a tempo, porque as alarmas tiñan que saltar antes, agora o presuposto non da, eu xa lle dixen que si era cando aprobamos os 2 presupostos e dedicacións dixen que si necesitaba mais que puxera mais, outra persoa mais, porque esto hai que levar un seguimientto de cerca, estase tirando o vidro no contedor verde que é o que mais pesa, alguen que controle eso, agora xa non se pode porque o presuposto non estira mais, non da mais de si, nos sempre facilitamos as cousas, non puxemos trabas pero o traballo hai que facelo e non dispararse unha parida 72000 euros cando a miña pretensión é que se reduxera en 100.000 euros que se pode, llo garantizo, eso é o que ten que facer, a labor dun goberno municipal, para non arruinar o presuposto

Sra alcaldesa: mire Sr Dominguez, a prestación do servizo é unha empresa, con relación a cantidade de Sogama o promedio viña sendo entre 18000 a 20000- 21000, algun mes pudo vir 25000, é certo que este verán subiron ata 31.000 euros polas circunstancias, houbo mais xente, o tema que se restara nesa partida e non quedara cartos foi tamén debido a outras circunstancias, si non tiveramos de baixa a un traballador durante todo ano practicamente, teríamos mais cartos para facer cargo de sogama, a veces hai imprevistos e circunstancias, non é para tanto o que quedou pendente de pago, creo que diga a Sra interventora son dúas facturas, no pleno anterior decidiron non aprobar a TC para facer fronte a dito pago que é un trámite normal Sr Domínguez que foi alcalde e sabe perfectamente que facer unha TC dunha partida a outra, é mais, creo que neste ano soamente trouxen un REC en xaneiro, non trouxen ningún REC mais, na lexislatura pasada era un punto normal da orden do día, dende que sou alcaldesa creo que no mes de xaneiro e porque corresponden o anto anterior e as presentan en xaneiro, ese é o motivo si considera que durante todo un ano de xestión traer unha TC plenaria para cambiar e facer fronte a dúas facturas, é mala xestión realmente ten que recoñecer que non é mala xestión.

Sr Domínguez García: Sra alcaldesa nos votamos unha ou vinte TC a todas as que sexan necesarias, non votamos en contra porque sexa unha TC, eso é o mais normal, si nunha hai excedente, está clarísimo, nos votamos en contra polo motivo que esa partida se quedara sin diñeiro, primeiro cando as cousas son correctas e se fan normales se vota e punto, primeiro trae unha TC sin explicar para que, despois dixo que era para obras, tarda un mes en volver a traer e di que as nosas non da tempo facelas, e logo convoca tres días mais tarde unha comisión para decir que é para sogama e si esperamos sería para outra cousa, fixemos ben non aprobala, non sabemos nin para que queremos a TC, cambiando de criterio unhas catro veces, e o noso voto en contra non é pola TC é en contra da forma de xestionar a recollida, claro que é unha empresa privada que recolle o que está dentro do contedor, esa xestión temos que facer que sexa correcta, non se tire o vidro no verde, unha botella de cristal pesa unha tonelada, quero decir levo todos días vendo vaciar un cacharro de botellas no contedor están quitando os cartos meus e de todos os ceenses, para o ano que ven imos contemplar 72.000 mais nesa partida ou non, ou tería que contemplarse 100000 menos si facemos as cousas



ben,

Sra alcaldesa: mire Sr Domínguez cando trouxen, a proposta de MC, na comisión explique para que ia ser destinada, na primeira comisión, de 56000 euros para unha serie de obras, concretei as obras, Vdes votaron en contra, posteriormente trouxen de novo onde Vdes fixeron unha proposta de obras onde se recollia na acta que se ía ter en conta as obras que propuxeron e Vdes volveron a votar en contra porque había que concretar as obras na proposta cando saben que é competencia da alcaldía, creo recordar no exercicio anterior tamén se fixera unha modificación deste tipo onde se concretaron as obras na comisión onde se acometeron as obras que a oposición me indiocou e logo di que faga ou non o que propoñen, en todo caso as que propuxen eran as que habían proposto nos plenos, todas elas, todas importante, volveron a votar en contra, posteriormente explicou a Sra interventora na comisión que o motivo é que se percataran que non había eses cartos para a factura porque a tesorera estivera de vacacións e cando chegou se encontrou con ese dato que traladaou a intervención e logo a min, ese é o motivo polo que se fixo o cambio, creo que non hai nada que ocultar.

Sr Domínguez García: na primeira comisión antes do pleno votamos en contra pero lle dixemos que si se contemplaba dúas obras que puxemos nada mais votaríamos favorablemente, quen sembrou a duda foi Vde en outubro decindo que o mellor non lle daba tempo, claro perdiu deliberadamente un mes para que non dera tempo, é normal que si non ven reflexado as obras, o prazo execucion e valoración por eso votamos en contra, e sempre o facemos justificadamente, estuvemos sempre arrimando o hombro, si non fora o apoio do PP o mellor non, hubiera sido unha lexislatura que xa o está sendo, perdida.

Sra alcaldesa: perdida

Sr Domínguez García: si si leva Vde, está levando o Concello a ruína.

Sra alcaldesa: si.

Sr Domínguez García: de feito chegamos a novembro e non temos para un saco de cemento.

Sra alcaldesa: como.

Sr Domínguez García: hai orden de non comprar un saco de cemento e a economía está jodida.

Sra alcaldesa: eso non é certo.

Sr Domínguez García: eu non minto nunca, Vde si.

Sra alcaldesa: menos mal que os veciños de Cee saben perfectamente que é o Sr Domínguez.

*

TC: transferencia de crédito

REC: recoñecemento extraxudicial de crédito

MC: modificación de crédito.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado no seguinte sentido: 7 votos a favor dos grupos políticos PsOE e IXCee e 5 abstencións dos grupos políticos PP e BNG.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

3. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento: da N° 1077/2021 do 26 de outubro á N.º 1173/2021 do 19 de novembro.

Quedan enterados/as.



4. Mocións de urxencia.

Sr Domínguez Louro: o BNG ten dúas mocións para presentar que se le deron rexitro no concello o 12 de novembro, unha é sobre o 25 N sobre o día da violencia de xénero e a outra unha moción recollida da plataforma SOS sanidade pública que nos fixo chegar, o motivo da urxencia é que non hai outra maneira de presentalas.

Sométese á votación a urxencia da **MOCIÓN da Plataforma SOS Sanidade Pública na defensa da atención primaria**, sendo ratificada por unanimidade dos presentes.

O Sr Domínguez Louro procede a lectura da Moción:

“Antes da pandemia da Covid-19, a Atención Primaria atravesaba unha profunda crise estrutural, con demoras e masificación da asistencia, como consecuencia dos recortes nos orzamentos aplicados polos sucesivos gobernos do Partido Popular. Na actualidade, os orzamentos na Atención Primaria apenas supoñen o 12 % do orzamento sanitario total, polo que é evidente e urxente incrementalo.

A crise da Pandemia por Covid-19 e a súa patoloxía, significou a paralización da actividade Asistencial tanto da Atención primaria como da Hospitalaria, por medo a que colapsara o hospital, o que determinou non só postergar a actividade asistencial preferente e crónica, senón tamén a actividade quirúrxica non urxente, co incremento das demoras, tanto en consultas como en probas complementarias, así como as listas de espera quirúrxicas. Estímase que en Galicia paralizáronse ao redor de 3.000 das intervencións cirúrxicas, 600.000 consultas e 20.000 probas diagnósticas.

Ó mesmo tempo a administración, pechou os centros de saúde e limitouse o acceso aos mesmos, substituíndo a consulta presencial pola telefónica e reduciuse o aforo das salas de espera obrigando aos pacientes a facer cola fóra dos centros para recibir atención.

Estas actividades hai que reabilas o antes posible, para evitar o deterioro do propio sistema e empeorar os datos de saúde da poboación.

Durante o estado da alarma sanitaria a Atención Primaria demostrou a importancia de dispoñer dun nivel asistencial universal, gratuito e de proximidade coa poboación. Nos meses máis duros do confinamento a Atención Primaria identificou contaxios e contactos, realizou o seguimento das persoas infectadas nos seus domicilios, atendeu e resolveu o resto das patoloxías e as dúbidas e temores da cidadanía.

Durante eses meses, os traballadores e as traballadoras da Sanidade Pública recibiron o recoñecemento e a gratitude da cidadanía a súa labor desenvolvida en durísimas condicións. Este recoñecemento abría a esperanza de que tras o estado da alarma sanitaria, o SERGAS impulsase medidas e reformas para mellorar e fortalecer esta primeira liña asistencial, tal como manifestan as sociedades científicas, axentes sociais e sindicais.

Lamentablemente, a realidade é ben distinta e a veciñanza do noso concello atopamos a mesma precariedade anterior engadida a unha atención baseada en primar consultas telefónicas sobre as presenciais e con restricións de acceso ó Centro de Saúde.

A implantación das consultas telefónicas de maneira xeneralizada non é comprendida pola cidadanía e orixina nela sentimentos de afastamento e desprotección do sistema Sanitario Público



O restrinxir o acceso ó Centro de Saúde, formando largas colas diante do centro só co argumento de “evitar contaxios no Centro de Saúde” é un temor infundado, para non deixar ver o principal problema: falta de recursos e medios, tanto profesionais sanitarios coma non sanitarios para dar cobertura a poboación. Ante esta situación, A plataforma SOS Sanidade Pública, reclama que se implante de forma inmediata no Centro de Saúde un protocolo anticovid-19 que estableza circuitos seguros de mobilidade no seu interior, salas de espera adaptadas para cumprir coas actuais normas sanitarias, onde tanto profesionais como usuarios sintámonos seguros. Ampliar o cadro de profesionais e as quendas de atención para rematar coas inaceptables listas de espera.

EN CONCLUSIÓN:

A Plataforma SOS Sanidade Pública, non imos deixar que a Covid-19 sirva de escudo á Xunta de Galicia onde resgardarse para non facer fronte ós problemas estruturais que padece a Atención Primaria dende hai moito tempo: precariedade laboral, falta de inversión e o recoñecemento do seu papel vertebrador dentro do sistema sanitario.

Por todo o exposto, a corporación municipal de cee, atendendo a solicitude da plataforma sos sanidade pública de galicia, ACORDA:

1. Dirixirse e instar á Consellaría de Sanidade, a implantación de forma inmediata nos Centros de Saúde dun protocolo anticovid-19 que estableza circuitos seguros de mobilidade no seu interior, salas de espera adaptadas para cumprir cas actuais normas sanitarias, donde tanto profesionais como usuarios nos sintamos seguros.
2. Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade a implantar de inmediato as consultas presenciais para todas as persoas que o demanden. Limitar as consultas telefónicas ou telemáticas a unha actividade asistencial complementaria (recetas, baixas, resultados, etc.) que non discrimine ás persoas maiores con dificultades para dispoñer e manexar as novas tecnoloxías.
3. Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade á adopción das medidas organizativas precisas para que @s usuari@s, podan acceder ao centro, rematando coa deplorable situación das colas na rúa.
4. Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade, a contratar e acabar ca precariedade laboral do persoal, aplicando un “Plan de Mellora da Atención Primaria” que redimensione os equipos multidisciplinares para dar cobertura as necesidades de saúde da poboación.
5. Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade, a Incrementar de maneira urxente o presuposto sanitario, destinado a Atención Primaria, o obxectivo sería alcanzar o 25% do presuposto, estes presupostos deben ser finalista para que non terminen en outras partidas.
6. Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade, a desenvolver os instrumentos de participación cidadán na sanidade, tan necesarios, para que a cidadanía exprese a súas necesidades e poder actuar con eficiencia sobre os determinantes da saúde.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Intervén o Sr Dominguez Garcia: digo igual co pleno pasado si non volvemos o sistema de antes, non tiven tempo, recibina as 5 da tarde, non poden facer consultas e non podo entrar en debate nin a votala porque non poden facer consultas, e como con esta todas, insisto, pido unha vez mais que as mocións volvan o sistema anterior, tempo para estudialas e facer consultas precisas.

Sr Domínguez Louro: eu coincido con Vde e era a mellor maneira de tratar, por iso demos entrada o 12 novembro e incluso podía vir aquí sin entregar os grupos e as mocións hai que



preparalas e ter tempo estou de acordo con vde e sumome a petición que funcionaba adecuadamente.

Sr Vigo Sambade: no ano 86 o ministro de sanidade do goberno do Felipe González, Ernest Luch propuxo a aprobación da LXS que universalizou a sanidade a todos os cidadáns polo feito de ser españois, despois houbo cambios como as transferencias das competencias sanitarias as CCAA onde empezaron a xestionar este servizo cada unha segun o que consideraba mais oportuno e segun o goberno de cada unha no momento, respecto a moción no seu conxunto estamos de acordo, no punto último é onde claramente matizaríamos cousas, no do centro de saúde de Cee sería difícil habilitar tantos espazos por unha cuestión de habitabilidade sin valorar que segue sendo un centro do concello porque a pesar de que durante o mandato anterior se me afeou que non se entregase a xunta cando eu firmara ese acordo coa conselleira do goberno autonómico presidido por Pérez Touriño, seguimos nesa situación, fai uns días tiveron unha reunión no hospital a alcaldesa, Sr Domínguez, a directora do centro e parece ser que non se vai facer de momento esa entrega deste centro a consellería que é quen ten as competencias e que é algo que non entendo a día de hoxe porque supón que os problemeas técnicos administrativos que había xa non os hai, por outra banda dicir que sanitariamente, falo con coñecemento de causa, a ratio de médicos e enfermeiros en Cee é mais que suficiente, 5 médicos é un número para unha poboación como a nosa mais que suficiente e mais, penso que temos 5 bos médicos e fan bo traballo e nese sentido nada que dicir, as consultas presenciais ou non dependen un pouco dos criterios sanitarios de saúde pública do sistema, entramos en contradición a veces a cidadanía non so con quen dirixe a política sanitaria na CCAA senon cos propios profesionais, que teñen conflito para atender con certas garantías diversos pacientes, en canto o tema dos pediatras non se fan en tres días, tardan 4 anos na especialidade, quen ten a competencia que é o goberno de España, ten que crear as prazas Mir que considere necesarias para dar cobertura a esas áreas sanitarias e poder cubrir as prazas, cando eu rematei a carreira no 88, había unha cantidade tremenda de profesionais que viña dunha etapa que se entraba nas carreiras sen nota de corte, en calquer caso no conxunto estamos de acordo e o noso grupo vai votar a favor.

Sra alcaldesa: fago unha aclaración, cando cheguei a alcaldía faltaba finalizar a tramitación administrativa que esixía a consellería para poder facer a cesión do centro de saúde, finalizouse cos traballo de inscrición no rexistro da propiedade foi aprobada creo recordar no pleno de xaneiro deste ano a cesión con todos os requisitos esixidos pola Xunta foi remitida a documentación, eu solicitei unha entrevista co conselleiro para tratar este tema dado que os gastos de mantemento incrementáronse principalmente polo gasoil, aínda que a limpeza do PAC asume a xunta non o resto dos gastos, a reunión foi no hospital de Cee onde se me trasladou que neste ano non poden asumir a xestión, a transferencia do centro de saúde que se estudaría para o ano que ven.

Sr Domínguez García: aclarar o Sr Vigo que eu non tiven en reunión que se tratara o tema da cesión do centro de saúde

Sr Vigo: saíu en fotos

Sra alcaldesa: foi previa esa reunión a chegar o Sr Domínguez.

Sr Domínguez Louro: un pequeno apunte ao que dixo o Sr Vigo, sobre a falta de pediatras e como é verdade que hai esa falta de profesionais, é unha comeptencia do estado español de formalos para que sea un servizo correcto a poboación, o que pasa é que si non pasa é porque os gobernos precedentes e este o mellor fai o mesmo para cando veñan outros, non apostan pola sanidade pública, ten que haber unha previsión, e se nos anos 80 se acertaba non será complicado seguir acertando ou non fallar en tanto porque é un desastre que non haxa pediatras, como que os profesionais sigan emigrando e exportando bos profesionais que nos costan cantidades inxentes de diñeiro formar, o que está claro, é que algo falla no sistema cando non somos capaces ou non son capaces de ter previsto esto e so me leva a pensar que é claramente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



intencionado coa única pretensión de favorecer a sanidade privada a costa da sanidade pública e creo que a pandemia da covid 19 que acabamos de pasar, que estamos pasando deixa claro que a sanidade pública é pola que hai que optar e apostar, era so ese apunte ao Sr Vigo que xa lle dixen mais veces que di si pero non ou non pero si, gústame debatir

Sr Vigo: é un si claro pero matizo cuestións porque falamos dunha realidade da que se pode sacar interpretacións equivocadas, cando fala Vde de que a xente marcha, os médicos que marchan é por outras cuestións, mais capacidade investigadora, un salario mellor, pero non porque non teñan traballo aquí, aquí os médicos teñen todos traballo a día de hoxe, non existe ese problema, despois temos un presidente da xunta que foi secretario xeral técnico da consellería de Sanidade, foi presidente do Insalud a nivel nacional, quero dicir que é un home que ten un coñecemento concreto desa área de xestión que non teñen outros presidentes, non todo mundo pode saber de todo, non teño a sensación que se estea desmantelando a sanidade teño mais que intentando xestionar o mellor posible hai unha pasada de frenada e desaxustes, pero realmente non teño claro a intencionalidade de desmantelar o publico para engordar o privado esa é a miña sensación e traballei 31 anos case 32, de que a política vaia por ese camiño.

Sr Dominguez louro creo que é o que digo se pode constatar con datos, e logo os sanitarios marchan polo que dixó porque non se aposta polo I+D+I e por ter profesionais ben pagados, eso non é un gasto, é unha inversión, marchan por iso e habería que parar esa sangría, para que o noso sistema de saúde fose un exemplo que cada vez é menos.

*

LXS: Lei Xeral de Sanidade.

CCAA: Comunidade Autónoma.

I+D+I: Investigación, desarrollo e innovación.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación a moción e resulta aprobada no seguinte sentido: 3 votos en contra do grupo político PP e 9 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

Sométese á votación a urxencia da **MOCIÓN** o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero e resulta ratificada por unanimidade dos asistentes.

Sr Domínguez Louro, procede a lectura:

“A loita contra a violencia machista é un dos retos máis grandes para a sociedade galega e para a humanidade no seu conxunto. A forza do feminismo fai que o 25 de novembro, declarado Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1999, sexa unha data de denuncia e reivindicación que convida a reflexionar e actuar para avanzar na súa prevención, sensibilización e erradicación.

No que vai de ano 2021 Galiza xa tivo que saír á rúa condenar un feminicidio cometido na Coruña, á espera de que conclúan as investigacións respecto doutro asasinato dunha muller no Barco de Valdeorras. Así mesmo, segundo os datos do IGE, durante o 1º semestre de 2021 a Atención polo



Punto de Coordinación das Ordes de Protección abordou o seguimento de 536 novos expedientes e foron comunicadas máis de 500 medidas de protección. Así mesmo, diversos colectivos denunciaron recentemente o incremento da violencia obstétrica por mor das dificultades de acceso aos servizos durante a pandemia, así como a permanencia da vulneración de dereitos como o acceso a un aborto digno e gratuito no sistema público de saúde.

A pandemia da covid-19 trouxo ao noso contexto actual unha importante crise sanitaria, social e económica que atravesamos de forma moi intensa a realidade das mulleres, un dos sectores máis afectados da nosa sociedade. É evidente que neste contexto, aínda que invisibilizada, a violencia machista continuou connosco. Asociacións de mulleres, institucións e profesionais de diferentes ámbitos coinciden na grave afección das medidas de confinamento e de restrición de actividade e mobilidade social para a actuación sobre a violencia machista e o grave risco para milleiros de mulleres.

Entre outros exemplos, podemos sinalar como na súa Memoria anual do ano 2020, coñecida en outubro, a Fiscalía Superior de Galiza sinala que hai un nicho de criminalidade que a pandemia ocultou e que no ámbito da violencia machista “o nivel de convivencia que a situación xerou, sen ningunha dúbida, supuxo un aumento que as cifras derivadas da fría estatística non reflicten, pero que aparecerá seguramente nun futuro non moi afastado ao atoparse actualmente soterrada, de forma que pronto, entendemos, xurdirá un goteo de procedementos cuxa orixe ou aparición se deriva da pandemia.”

Polo tanto, aínda que a situación da pandemia estea nunha fase de control, é necesario que se atendan todas as súas repercusións, tamén no ámbito da violencia machista. É necesario, polo tanto, abordar a necesidade de fortalecer os medios existentes e de adquirir máis compromisos orzamentarios, legislativos e políticos.

Nos últimos anos Galiza é exemplo de importantes avances institucionais, como o recoñecemento da violencia vicaria como violencia machista, e de importantes mobilizacións, como amosa a cada vez maior resposta aos feminicidios, en concavatorias e asistencia, ou as históricas manifestacións dos 8 de marzo. Estes feitos dan conta da fartura social e do gran rexeitamento á violencia machista da sociedade galega, como tamén reflicten os datos da enquisa sobre percepción da violencia de xénero por parte da sociedade galega, que sinala como o 80% da sociedade entende que este é un problema social que atinxe a todas as persoas e non se circunscribe ao ámbito privado.

Por todos estes motivos, é necesario que este 25 de novembro fuxa de ritualismos e declaracións de intencións e que colectivamente asumamos máis compromisos.

Por todo o exposto, o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º Abrir diálogo co movemento feminista comarcal, representado pola Plataforma Feminista Costa da Morte-Bergantiños (Buserana, Sonlilá, As Curandeiras, Círculo Feminista de Carballo), así como co



feminismo sindical, para recoller as súas demandas e colaborar nas súas accións de concienciación e sensibilización.

2. Demandar da Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2022 de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como por exemplo no ámbito da atención psicolóxica garantida desde a atención primaria.

3 Demandar da Xunta de Galiza o reforzo e ampliación da rede de Centros de Información ás Mulleres para garantir a cobertura do conxunto do territorio especialmente aquelas comarcas que actualmente carecen deste servizo así como a dotación dos medios humanos e materiais necesarios para reforzar o cadro de persoal daqueles CIM que asumen unha maior carga de traballo. Para tal fin, a Xunta de Galiza elaborará e remitirá á Cámara galega e á FEGAMP antes de finalizar o presente ano un Plan específico debidamente orzado e coa correspondente planificación temporal para levalo a cabo.”

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación a Moción e resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

5. Rogos e preguntas.

Sr Domínguez García: estando completamente de acordo que se ceda un local a esta sociedade unha casa do maior, non había outro local sin que fora a escola da Carbaliza porque é vestir un santo pra desvestir outro, estando de acordo e, para nada poñermos pega pero deixar os veciños sin o servizo non me parece o mais correcto

Sra alcaldesa: polo que explicaron a partir das 5 da tarde, vai estar ocupado pola casa do maior de 9 a 5, logo poden facerse outras actividades

Sr Domínguez García: poden dispoñer dela

Sra alcaldesa: si

Sr Domínguez García: o noso apoio total a iniciativa, porque teñen que ser os privados e non a iniciativa pública, fan os privados o que tiña que facer Vde que levamos dous anos e medio e non moviu dedo para conseguir un centro de día ou residencia para Cee.

Sra alcaldesa: eso é o que Vde pensa.

Sr Domínguez García: digao porque eu coñezo a faceta de impedir que veñan, recordolle que Vde foi a Monterroso, un día de frío e neve, xogándose a vida na carretera para decirlle aqueles promotores que non fixeran a residencia en Cee por eso eu sei que Vde é mais propensa a que non veña por eso me gustaría si fixo xestión algunha que diga por si podemos axudar en algo

Sra alcaldesa: si quere volvo a contestar o tema de Monterroso pero xa lle contestei

Sr Domínguez García: conteste o que queire

Sra alcaldesa: si Vde explicara a verdade do tema do xeriátrico, é unha historia moi antiga, si quer volvemos a retomar o tema de Monterroso, xeriátrico como fixeron a cesión, como foi Vde o notario de Muxía.

Sr Domínguez García: Vdes moveron Roma con Santiago e os veciños

Sra alcaldesa: onde o xulgado declarou a nulidade desa cesión



Sr Domínguez García: promulgada por Vde

Sra alcaldesa: eu nese momento non formaba parte da corporación exercía o meu traballo como avogada defendendo os intereses dos veciños de Lagarteira, Pallares e Escabanas que foron quen me encargaron o traballo correspondente.

Sr Domínguez García: hai outra respecto o plan de eficiencia enerxética que tamos o tanto todo Cee, contabilizando en prensa mais de 27 veces o que non sabíamos era a marca, agora mandou a marca, pero mire Sra alcaldesa que as características técnicas que veñen no prego de condicións e no proxecto xa o sei que debido a eso lle dixen nun pleno que ia ou provocaba que o contratista puxera as luminarias mais baratas do mercado, as mais malas.

Sra alcaldesa: ese é o seu criterio.

Sr Domínguez García: un momentíño eu a pregunta que lle fixen era marca e modelo que hai en cada un.

Sra alcaldesa: Vde nos plenos anteriores me preguntou marca, modelo non me preguntou.

Sr Domínguez García: marca, modelo e características técnicas das luminarias de cada sitio

Sra alcaldesa: facemos unha cousa solicite Vde o que queire e contesto por escrito

Sr Domínguez García: vale, eu pido por escrito Sra alcaldesa porque para min pode valer calquera contestación o mellor para o IDAE non vale, algunha das marcas algúns modelos dalgunha das marcas non están autorizadas polo IDAE ademais me consta que os diferenciales están todos puenteados co perigo que causa xa sabe que en Santiago morreu un neno agarrado a unha farola por estar un diferencial ponteado, condenaron o electricista porque o alcalde demostrouse que non sabía, agora Vde sabeo que llo digo eu é moi grave está en xogo 2.400.000 mil euros, xa lle pedirei eso, as ocas e certificacións da obra, porque eso e moi grave.

Sra alcaldesa: mire Sr Domínguez, todas as luminarias teñen o certificado, temos un técnico que inspecciona que se lle entrega e fai un informe antes da adxudicación da obra e comproba todos os modelos que lle dan si cumpren ou non as características correspondentes, está todo documentado, de todas as obras unha xa está rematada completamente e pasada a oca e as outras en execución.

Sr Domínguez García: porque están puenteados os diferenciales onde os hai?

Sra alcaldesa: dígame Vde

Sr Domínguez García: concretamente, por exemplo en Caneliñas non están e que xa non os hai, hai meses que se puxeron as luminarias aínda se está sen o cadro e o equipo de medida.

Sra alcaldesa: a documentación de Caneliñas solicite e comprobe e non está subvencionada polo IDAE, solicite por escrito e entregamos a documentación de Caneliñas.

Sr Domínguez García: crein que valía pedir así

Sra alcaldesa: presente por escrito, o que queire de cada cousa

Sr Domínguez García: falo dun tema que é moi grave

Sra alcaldesa: lle digo que o tema de Caneliñas está trinitado

Sr Domínguez García: dixen Caneliñas por decir un, non ten cuadro.

Sra alcaldesa: Vde presente e entrégolle a documentación, pode vir a mirala o Concello.

Sr Vigo: simplemente por aclarar o anterior, a min constame que na etapa que eu fun alcalde inmediatamente a súa chegada o goberno non había cadro, porque os electricistas municipais me decían que non podían cambiar as luminarias cando se fundía porque non había cadro, falo daquel momento, soamente unha pregunta, a policía local percibiu unha gratificación polo traballo extraordinario nas festas da Xunqueira?, parece ser que este ano se denegou quería saber porqué.

Sra alcaldesa: porque se lle denegou?

Sr Vigo: si, díxéronme que se denegara.



Exp. 2021/G010/000015

Sra alcaldesa: non solicitaron nada, por escrito non teño ningunha solicitude, nas festas da Xunqueira os traballadores, a policía local estivo no horario de non me acordo, pola mañá ata as 3 pola tarde de 9 a unha da mañá, foi compensado o tempo as horas que fixeron coma o resto dos traballadores do Concello, dende que estou de alcaldesa non se lle pagaron horas extraordinarias, o tempo que fixeron a maiores se compensou con tempo libre.

Sr Vigo: me referiron que a gratificación de anos anteriores con diferentes alcaldes, non so conmigo.

Sra alcaldesa: este ano e no anterior foi igualmente compensado con tempo.

Sr Vigo: pois a información da que dispoño é esa, si me di que non.

Sra alcaldesa: foi compensado as horas igual co resto dos traballadores do Concello, con tempo libre.

Sr Vigo: eu falaba de gratificación Vde fala de compensación, Vde domina tan ben ou mellor o linguaxe que eu, por eso lle digo que non sei si ese matíz é onde está a diferenza, non sei

Sra alcaldesa: foron compensadas con tempo as horas que se fixeron a maiores igual co resto de empregados do Concello, despois respecto o tema de caneliñas cando estaba non había cadro pero agora fixemos a instalación.

Sr Domínguez Louro: non me quedou claro no debate que acaban de ter sobre os diferenciais si están punteados ou non

Sra alcaldesa: como van estar punteados, non teño coñecemento vamos, si me concreta onde están punteados

Sr Domínguez Louro: digo porque é grave o que di, moi perigoso

Sr Domínguez Garcia: me consta me dicen que están todos punteados, todos

Sra alcaldesa: todos

Sr Domínguez Garcia: todos

Sr Domínguez Louro: hai un problema, un tema que non é nin de debate político, si debate pero é un tema que por favor.

Sra alcaldesa: o mirarei pero si tamén si se fan estas afirmacións sin ser certas, parécenme moi graves.

Sr Domínguez García: me consta a min

Sra alcaldesa: me parecen graves, pode ser mentira, Vde o que me di é que comprobe si están punteados ou non pero non afirma que o están porque unha afirmación deste tipo sin saber con certeza.

Sr Domínguez García: eu non os vin pero me consta que están punteados.

Sra alcaldesa: lle consta porque llo comentaron, é un comentario, o comprobarei evidentemente pero non me consta nada de que estean punteados

Sr Domínguez Louro: non ten porque constarlle pero por favor míreo.

Sra alcaldesa: podó asegurar o que si podó asegurar que dende que cheguei había varios puntos como Guimareu e Caneliñas que se foron facendo as instalacións eléctricas correspondentes en outros puntos que con anterioridade non estaban.

Sra Iglesias Lema: intelixible...faltaba Caneliñas e Gumareu nada mais.

Sra alcaldesa: non sei porque se sinte aludida, estou decindo que se fixo Caneliñas e Guimareu

Sra Iglesias Lema: porque non había mais, se foron facendo pouco a pouco como Vde

Sra alcaldesa: non sei porque se deu por aludida, dixeron en Guimareu e Caneliñas e agora cambiando as luminarias coa subvención do Idae

Sr Vigo: non ten porque sentirse aludida porque o único que ten unha propiedade en Caneliñas son eu

Sr Domínguez Louro: un apunte o do centro de día e o debate sobre a casa do maior e demais, se estan facendo como di o Sr Domínguez algunha xestión debería ternos o tanto, mais aló de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



debate temos un centro de día a un paso, que non costa nada chegar a el, e antes de facer un para Cee, que vai tardar moito ben sería bo aproveitar esas 20 prazas que hai en Corcubión, que saiamos aí a facer forza e conseguir que se abra ese centro de día que é moi facil.

Sr Domínguez García: averigüei, porque tamén me interesei porque razón, unha ten que abrir o concello e financiar a Xunta pero me dicen que ese centro non reúne os requisitos, eso foi o que me dixeron a min, nin o ascensor, nin o acceso, os requisitos que esixe un centro de día, eso é o que me comentaron a min.

Sr Domínguez Louro: pois enton convido a que Vde como ten liña directa coa Xunta que lle envíen as deficiencias o concello de Corcubión que é o mais afectado, para subsanar e tratar de subsanalas o mellor non é tan complicado

Sr Domínguez García: parece que é difícil porque é un edificio moi antigo.

Sr Domínguez Louro: será difícil, poque si fora facil xa estaba feito vamos intentalo para aforrar, que a dereita e moi aforradora, tome esto como un comentario jocoso sin mais, a obra de raíces está lista?

Sra alcaldesa: firmei hoxe o contrato.

Sr Domínguez Louro: cando comenzarán.

Sra alcaldesa: agora temos que facer a acta de replanteo, teñen un prazo de execución de 3 meses.

Sr Domínguez Louro: osea que é inmediata a posta en marcha da obra.

Sra alcaldesa: si en breve si.

Sr Domínguez Louro: breve para semanas.

Sra alcaldesa: nun par de semanas ten que estar a acta de replanteo e teñen un prazo de 3 meses dende a acta de replanteo, no prazo de 3 meses.

Sr Domínguez Louro: correcto, falamos noutros plenos da Rúa Gueifar e dos problemas de convivencia que se estaban dando, quero saber si, como xa pasou bastante tempo si se fixo algo e si hai algunha novidade, como está a situacion

Sra alcaldesa: dei traslado a policia local e servizos sociais, non sei si Enma ten algo da rúa de Gueifar.

Sra Trillo: estubo aqui el otro día la chica pero no se nada más.

Sr Domínguez Louro: no ultimo pleno tamén falamos de recuperar os plenos presenciais para a xente, que se volva a celebrar os plenos con que axente poda asistir e tamén sería bo, que se mellore o sistema de gravación e sonido para que sexa apetecible velo polas redes sociais porque nos ultimos está sendo bastante incómodo e incluso a xente que o quere ver, que está collendo esa sana costumbre de velo lle é incomodo escoitarnos, pola nosa parte, eso, duas cousas que nos gustaría que volvese estar aberto o pleno para que a xente poidese acudir porque é algo esencial para que teña esa liberdade de poder asistir e tamén os que non poidan asistir, queiran velo despois que o vexan nunhas condicións aptas para que non sexa un problema senón unha que sexa facil e agradable velo, convida de novo a eso, non sei si ten algo xa pensado.

Sra alcaldesa: o tema de escoitar, eu o vexo e o escoito perfectamente, non vexo ningún problema sinceramente.

Sr Domínguez Louro: eu so recibo queixas da xente que non o escoita, que se escoita.

Sr Domínguez García: non se escoita.

Sra alcaldesa: eu escoito perfectamente.

Sr Domínguez Louro: comprobeo e cando se poda comprar un aparato que dea un servizo bo que ademais é barato non creo que sexa moito problema. Se dixo que a sala de concelleiros estaba xa en marcha, non sei si a temos lista si non.



Sra alcaldesa: tiña previsto un habitáculo pero en todo caso xa se pode incluso nestes momentos facer uso do despacho onde estaba Ruben porque agora non está que está traballando e se pode volver a examinar, a traballar nese despacho.

Sr Domínguez Louro: por último, dúas cousiñas mais, nas resolucións da alcaldía había na páxina 128 un pago de taxas por un Icio por parte de Apem, a pregunta é si esas taxas do icio para Apem ou para outras entidades similiares está bonificada ou non.

Sra Interventora: non sei que taxa pagou Apem, pero si é do Icio, non é unha taxa é un imposto podese bonificar dalgunhas das maneiras que establece a lei, sería cuestión de modificar a ordenanza para determinados casos si preve algun tipo de bonificación, habería que estudar caso concreto, neste momento non está contemplado.

Sr Domínguez Louro: creo que sería moi interesante que entidades do estilo de Apem, Aspadex tiveran esa bonificación no imposto do icio.

Sra Interventora: a opción que se está facendo agora eles falan antes ca corporación, a corporación levo a pleno e cando estéa o solicitan é o que fixo a Xunta.

Sr Domínguez Louro: eu creo que sería bo que se fixese o preciso para que sexa de carácter xeral, é un rogo, despois, por ultimo, como Vde sabe hai un problema de convivencia no edificio fronte a gasoliñeira, o motivo como sabe, xa a veciñanza llo fixo saber, dende o BNG consideramos preciso actuar dentro das nosas posibilidades para atallar ese tipo de problemas, todo mundo ten dereito a descanso e vivir dunha maneira tranquila e sosegada eso é o que nos pensamos, dentro das posibilidades que nos temos que se faga o posible e sinon que se lidere digamolo así esa solución entre todas as forzas competentes.

Sra alcaldesa: si estiveron falando conmigo a veciñanza, os veciños desa comunidade de propietarios douselle traslado a policia local, a policia local compareceu alí, tomou datos da persoa que alí convivía se recopilaron unha serie de informacións doulle traslado o teniente da garda civil correspondente e o mesmo puxen en contacto a instancias superiores a situación do que está a suceder, si que estamos traballando en eso pero hai uns tempos e facer un seguimento e si teño coñecemento que dende, hai unha parte que é esta que se pode tratar cas FCSE e outra que é privada dentro da comunidade que o están levando cun avogado.

Ás 21:09 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán